



Expediente: C.6.Q/2093/12

D. Fins Eirexas Santamaría
Travesa dos Basquiños 9, baixo - ADEGA
15704 Santiago de Compostela (A Coruña)

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2012

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á falta de resposta a unha solicitude de información ambiental sobre os traballos de fumigación con cascade de masas de eucaliptos afectadas pola praga de *gonipterus scutellatus*.

No seu escrito, esencialmente, indícanos que reclama polo incumprimento da Lei 27/2006 por parte das Secretarías Xerais de Montes e Medio Rural e de Calidade e Avaliación Ambiental, ao non responder á petición de información ambiental feita o 4 de maio de 2012 encol da localización das áreas de tratamento, medios, protocolos, dosificación do principio activo e temporalización dos traballos de fumigación con *Cascade* das masas de eucaliptos afectadas pola praga do *gonipterus scutellatus*. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental respondeu o 9 de maio que trasladaban a solicitude de información á Secretaría Xeral de Montes e Medio Rural para a súa resposta. Sinala tamén que o asunto o denunciou á Fiscalía de Medio Ambiente do TSXG polo uso dun principio activo (o flufenoxuron) recentemente excluído da lista de produtos fitosanitarios autorizados pola CE (decisión de 9 de febreiro de 2012) e os seus posibles impactos sobre espazos e especies protexidas, alén dos efectos negativos para a saúde das persoas e o ambiente.

Ante iso solicitamos, como vostede coñece, información á Consellería do Medio Rural e do Mar, que xa nola remitiu. Na mesma sinálase o seguinte

“Con data do 12/09/2012 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito do Valedor do Pobo no que solicitaba información sobre o problema que motivou a queixa que deu lugar ao expediente C.6.Q/2093/12, iniciado a instancia de Fins Eirexas Santamaría.

En contestación á dita solicitude, esta Secretaría Xeral Técnica, en virtude das competencias que lle foron atribuídas ao abeiro do Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar,

e do Fondo Galego de Garantía Agraria, remítelle a información solicitada mediante o informe que acompaña ao presente escrito.

Asunto: fumigacións de eucaliptus-petición do valedor do pobo C.6Q/2093/12.

Recibida a petición do valedor do pobo comunicación con data 10-09-2012 n.º R.E. 136393 relacionada cos tratamentos co produto fitosanitario cascade composto pola materia activa Flufenoxuron relacionada cos tratamentos para o control da praga do gorgullo do eucalipto *Gonipterus scutellatus* Gyllenhal infórmase que:

1- O formulado comercial Cascade (Flufenoxuron10%[DC] PÁX./V) está autorizado na actualidade en España para tratamentos en pulverización a ultrabaixo volume contra *Gonipterus*. A data de caducidade do produto no Rexistro de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio ambiente é o 31-12-2011, o límite de venda é ata o 30-06-2012 e a data de emprego polos silvicultores é de ata o 30 de decembro de 2012 .

2- Na ficha do Produto do Ministerio figura como pouco perigoso para as abellas.

3- A Consellería do Medio Rural e do Mar non comunicou a particulares nin a institucións a obrigatoriedade do tratamento contra o gorgullo do eucalipto nin instou a que as masas de eucaliptus fosen tratados.

4- A Consellería de Medio Rural e do Mar resolveu desfavorablemente a petición de aplicación de tratamentos aéreos contra o *gonipterus* con cascade por parte dunha empresa do sector, logo de solicitados os pertinentes informes dado que ao seu xuízo non se xuntaban os condicionantes previstos na directiva 128/2009/CE para este tipo de tratamentos.

5- É posible que fosen dados de maneira puntual tratamentos contra o *gonipterus* con cascade desde terra mediante equipos de aplicación de produtos fitosanitarios de gran alcance, no obstante estes tratamentos non están suxeitos a unha autorización específica por parte da autoridade competente de Galicia (como sucede cos tratamentos aéreos) e poden realizarse sempre que a persoa ou empresa responsable que o aplique estea en posesión do carné de aplicador de produtos fitosanitarios correspondente (básico ou cualificado) e os tratamentos se fagan consonte ao autorizado no rexistro (dose, praga, hospedante, sistema de aplicación, medidas de seguridade e de protección do ambiente, etc) e a normativa vixente cuxa última lexislación publicada é o RD 1311/2012 de 14 de setembro, pola que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos



Valedor
doPobo
Galicia

produtos fitosanitarios, cuxo cumprimento se controla pola inspección oficial de sanidade vexetal, no detectándose ata o de agora incumprimentos neste asunto.”

Unha vez avaliado o exposto por vostede na queixa e o respondido pola Consellería no informe transcrito dedúcese, en primeiro termo, que a Consellería non lle respondera ata agora -ao menos non o aclara, a pesar de que se reclamaba explicación de forma expresa-, polo que debe concluírse que se demorou considerablemente respecto do prazo legalmente establecido. O anterior será obxecto de comentario crítico no próximo Informe que se dirixa ao Parlamento de Galicia.


Respecto do fondo do asunto, a Consellería alega que o produto está autorizado para tratamentos en pulverización a ultrabaixo volume contra gonipterus, e que caducou o 31-12-11, pero o límite de venda é o 30-06-12, e o de emprego polos silvicultores, o 30-12-12.

Ademais, resolveuse desfavorablemente unha petición de aplicación de tratamentos aéreos co produto. Por contra, o resto dos tratamentos non están suxeitos a autorización e poden realizarse sempre que quenes os apliquen estean en posesión do carné de aplicador de produtos fitosanitarios e se fagan consonte ao autorizado no rexistro e na normativa vixente.

Co anterior a Consellería pretende ter por respondida a súa solicitude de información ambiental; non obstante, descoñecemos se a resposta que se transcribe lla transmitiron a vostede directamente, como debera ser. Se non fora así e desexara promover alegacións ou recursos conta o contido da información, o que parecería mais oportuno sería que reclamara a resposta directa á Consellería, e se non lla enviaran de forma inmediata, entón podería acudir novamente a esta institución, se fora o seu desexo, dándonos conta das circunstancias que coñeza.

Procedemos ao arquivo do expediente aberto como consecuencia do seu escrito de queixa, sen prexuízo de reabrilo a súa instancia pola aportación de novos datos ou criterios, tal e como tivemos ocasión de sinalar anteriormente.

Reciba un atento saúdo,


José Julio Fernández Rodríguez
Valedor do Pobo (en funcións)

Valedor
doPobo
Galicia